 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REVISIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS INTEGRADAS NO PLAN DE ESTUDOS. GRAO DE EDUCACIÓN INFANTIL</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E FACULTADE CC. DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE</p>	<p>CODIF: <b>IT08-PC10</b></p>
---	--	---	------------------------------------


## NORMATIVA DO PRACTICUM DO GRAO DE EDUCACIÓN INFANTIL

(Por parte da Facultade de Ciencias da Educación, aprobado en  
Xunta de Titulación de Maxisterio o 4 de xullo de 2012)

### PREÁMBULO.

As competencias específicas do grao en Educación Infantil son definidas na ORDE ECI/3854/2007, de 27 de decembro, na cal se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Mestre en Educación Infantil. Entre estes requisitos faise referencia, no ANEXO (apartado 5), á planificación do ensino, sinalando que o plan de estudos deberá incluír, entre outros, un módulo formativo denominado Prácticum, orientado cara ás seguintes competencias:

1. Adquirir un coñecemento práctico da aula e da xestión da mesma.
2. Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
3. Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e en particular o de ensino-aprendizaxe mediante o dominio das técnicas e estratexias necesarias.
4. Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.
5. Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.
6. Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro.
7. Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes de 0-3 e de 3-6 anos.

 UNIVERSIDADE DE VIGO	PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REVISIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS INTEGRADAS NO PLAN DE ESTUDOS. GRAO DE EDUCACIÓN INFANTIL	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E FACULTADE CC. DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE	CODIF: <b>IT08-PC10</b>
--	--	--	----------------------------

8. Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social.

Na mesma Orde Ministerial indícase que:

“O Prácticum desenvolverase en centros de educación infantil recoñecidos como centros de formación en prácticas mediante convenios entre as Administracións Educativas e as Universidades. Terá carácter presencial e estará tutelado por profesores universitarios e mestres de educación infantil acreditados como titores de prácticas. O Prácticum realizarase nos dous ciclos do ensino de educación infantil”.

Para dar cumprimento a todos estes requisitos, o plan de estudos do Grao de Educación Infantil da Universidade de Vigo, avaliado positivamente pola ANECA, contempla en cuarto curso (1º e 2º cuatrimestre) unha materia obrigatoria denominada Prácticum cunha carga lectiva de 48 créditos e na que se especifican as competencias, contidos, actividades e sistema de avaliación da materia.


Así mesmo, o 10 de Decembro de 2011, publícase o Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, así como os dereitos e deberes tanto de titores/as como de estudantes.

De acordo con todo o anterior, esta normativa pretende regular as directrices para a organización das diferentes accións e axentes implicados no desenvolvemento desta materia.

### **Artigo 1. Definición do Prácticum.**

O artigo 2 do Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, define estas como

“[...] unha actividade de natureza formativa realizada polos estudantes universitarios e supervisada polas Universidades, cuxo obxectivo é permitirlles aos mesmos aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que lles preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento”.

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REVISIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS INTEGRADAS NO PLAN DE ESTUDOS. GRAO DE EDUCACIÓN INFANTIL</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E FACULTADE CC. DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE</p>	<p>CODIF: <b>IT08-PC10</b></p>
---	--	---	------------------------------------

## **Artigo 2. Fins do Prácticum.**

O Real Decreto mencionado establece no seu artigo 3 que coa realización das prácticas académicas externas se pretenden alcanzar os seguintes fins:

- a) Contribuír para a formación integral dos estudantes complementando a súa aprendizaxe teórica e práctica.
- b) Facilitar o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional na que os estudantes han operar, contrastando e aplicando os coñecementos adquiridos.
- c) Favorecer o desenvolvemento de competencias técnicas, metodolóxicas, persoais e participativas.
- d) Obter unha experiencia práctica que facilite a inserción no mercado de traballo e mellore a súa empregabilidade futura.
- e) Favorecer a innovación e creatividade e o emprendemento.


## **Artigo 3. Matrícula.**

Para poder matricularse no Prácticum será requisito imprescindible ter superado o 70% dos créditos de formación básica e obrigatoria correspondente aos tres primeiros cursos.

## **Artigo 4. Organización do Prácticum.**

1. En cada un dos centros responsables da impartición do Grao en Educación Infantil na Universidade de Vigo, a xestión e organización das prácticas externas é responsabilidade do seu equipo decanal, xunto coa Comisión do Prácticum, e contarase ademais coa colaboración do servizo responsable da Universidade de Vigo. A orientación no desenvolvemento das prácticas correspóndelles ás titoras e titores académicos.

2. Os centros responsables disporán dos convenios de colaboración educativa necesarios para a realización do Prácticum. Contarase cunha listaxe de centros colaboradores tanto públicos como privados ou concertados.

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REVISIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS ÍNTEGRADAS NO PLAN DE ESTUDOS. GRAO DE EDUCACIÓN INFANTIL</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E FACULTADE CC. DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE</p>	<p>CODIF: <b>IT08-PC10</b></p>
---	--	---	------------------------------------

3. Os respectivos decanatos garantirán que todo o alumnado matriculado no Prácticum dispoña de centro educativo para a realización do mesmo. Na medida do posible, cada alumna/o en prácticas poderá escoller o centro onde realizar o Prácticum.

4. En cada centro responsable, a Comisión do Prácticum do Grao de Educación Infantil está constituída por:


- A Decana ou Decano, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente da comisión, e asumirá a responsabilidade de coordinadora ou coordinador do Prácticum do grao.
- As titoras e titores académicos que actúen como tales durante o curso académico correspondente.
- Poderán tamén facer parte desta comisión dous estudantes do Grao, así como un representante do Persoal Administrativo e de Servizos, naquelas sesións en que se debatan cuestións organizativas e de mellora do Prácticum.

#### **Artigo 5. Titoras e titores académicos.**

Anualmente solicitarase ao profesorado con vinculación permanente, así como aos axudantes e asociados con experiencia no Prácticum, a súa dispoñibilidade para a titorización de alumnado no Prácticum. No caso de non contar co número de titores académicos, abrirase esta solicitude ao resto dos docentes ou ben ampliarase o número de titorandos por titor académico.

#### **Artigo 6. Temporalización.**


Segundo o plan de estudos recollido na memoria de Grao, a materia do Prácticum ten unha carga de 48 créditos ECTS. Está situada no 4<sup>o</sup> curso, sendo o seu carácter anual.

 UNIVERSIDADE DE VIGO	PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REVISIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS INTEGRADAS NO PLAN DE ESTUDOS. GRAO DE EDUCACIÓN INFANTIL	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E FACULTADE CC. DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE	CODIF: <b>IT08-PC10</b>
--	--	--	----------------------------

CALENDARIO ORIENTATIVO DO PRÁCTICUM	
FASES	TRÁMITES
1ª	Os coordinadores/as do Prácticum distribuirán entre o alumnado de cada facultade os impresos para a solicitude do centro de prácticas.
2ª	O alumnado entregará na secretaría do seu decanato a solicitude e o impreso de conformidade do centro escolar .
3ª	Publicación das listaxes provisionais de asignación de titoras/es académicos e centros
4ª	Reclamacións ás listaxes provisionais.
5ª	Aprobación e publicación do listado definitivo polas respectivas comisións do Prácticum de cada facultade responsable.
6ª	Reunión xeral do alumnado co responsable de coordinación do Prácticum da súa facultade.  Reunión inicial do alumnado coas súas respectivas titoras e titores académicos.
7ª	Realización do Prácticum nos centros escolares asignados.
	Asistencia ás sesións orientativas coa titora ou titor do Practicum da Universidade.
8ª	Entrega da memoria do Prácticum por parte do alumnado.

En cada centro responsable do grao, o calendario coas datas exactas será divulgado pola secretaría do decanato coa antelación suficiente.

O alumnado axustarase ao horario do centro no que realice as prácticas. Poderá ausentarse do centro para asistir ás sesións formativas de titorización do Practicum na

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REVISIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS INTEGRADAS NO PLAN DE ESTUDOS. GRAO DE EDUCACIÓN INFANTIL</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E FACULTADE CC. DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE</p>	<p>CODIF: <b>IT08-PC10</b></p>
---	--	---	------------------------------------

súa facultade, así como para cumprir as súas responsabilidades de representación en órganos colexiados da Universidade, se for o caso.

**Artigo 7. Asignación do alumnado aos seus respectivos titores e titoras académicos.**

O docente responsable da coordinación do Prácticum será a persoa encargada de lles asignar o alumnado ás titoras e titores académicos correspondentes.

**Artigo 8. Funcións da coordinadora ou coordinador de Prácticum.**

En cada centro responsable do grao, a figura da coordinadora ou coordinador do Prácticum realizará as seguintes funcións:

(a) Manter as necesarias relacións de consulta e información co equipo decanal en todo o referente a centros, prazas, titores/titoras e número de estudantes.

(b) Elaborar o proxecto formativo da materia ou guía docente en coordinación co profesorado académico titor.


(c) Convocar e presidir a Comisión de Prácticum, cando o considere necesario, para resolver as incidencias, tanto de carácter xeral como particular, que poidan presentarse durante o desenvolvemento do Prácticum. En calquera caso, como mínimo, deberá convocar dúas reunións orientadas a:

- Aprobación da guía docente da materia para o curso seguinte.
- Avaliación do alumnado de acordo cos criterios establecidos nesta normativa e na guía docente da materia.

(d) Elaborar os documentos necesarios para a orientación, desenvolvemento e avaliación das prácticas do Grao de Educación Infantil.

(e) Organizar e participar nas xornadas de orientación, información e preparación do Prácticum que terán lugar a principio de curso.

(f) Coordinar as accións necesarias para pór en contacto a Facultade cos distintos centros escolares que van participar no Prácticum, indicando o número de prazas en cada un

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REVISIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS ÍNTEGRADAS NO PLAN DE ESTUDOS. GRAO DE EDUCACIÓN INFANTIL</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E FACULTADE CC. DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE</p>	<p>CODIF: <b>IT08-PC10</b></p>
---	--	---	------------------------------------

deles e organizando a adscrición de estudantes e titoras e titores da Facultade a cada un dos centros educativos.

(g) Facilitar unha comunicación fluída entre todas as partes implicadas para garantir o bo desenvolvemento do período de prácticas nas súas distintas fases e participar na Comisión de Prácticum encargada de resolver os conflitos que poidan xurdir.

(h) Cumprimentar as actas desta materia.

### **Artigo 9. Funcións da Comisión do Prácticum.**

En cada centro responsable do grao, a Comisión do Prácticum realizará as seguintes funcións:

(a) Participar na elaboración da guía da materia.

(b) Aprobación da guía da materia que será elevada á Xunta de Centro.

(c) Aprobar a asignación de estudantes aos respectivos centros e titores.

(d) Velar pola correcta avaliación dos estudantes, de acordo cos criterios establecidos nesta normativa e na guía docente.


(e) Resolver os conflitos que poidan xurdir no desenvolvemento desta materia.

### **Artigo 10. Funcións das titoras e titores da Facultade (titorización académica).**

(a) Manter unha reunión orientadora inicial con todos os seus estudantes de prácticas antes do comezo das mesmas. Nela achegaáse información sobre a realización das as prácticas, as diferentes áreas de competencias que deben adquirir, os documentos que deben elaborar, así como sobre os procedementos e criterios de avaliación.

(b) Tutelar o traballo dos estudantes durante todo o período de prácticas e organizar con eles reunións periódicas, cuxa convocatoria se anunciará previamente ao comezo da titorización e se exporá publicamente seguindo as orientacións da Comisión de Prácticum.

(c) Manter contactos regulares cos centros educativos. No caso de que xurdise algunha incidencia importante, deberán comunicarlle ao coordinador/a de Prácticum correspondente para resolvela canto antes.

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REVISIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS INTEGRADAS NO PLAN DE ESTUDOS. GRAO DE EDUCACIÓN INFANTIL</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E FACULTADE CC. DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE</p>	<p>CODIF: <b>IT08-PC10</b></p>
---	--	---	------------------------------------

(d) Avaliar a actuación dos estudantes, seguindo a guía docente, durante o seu período de prácticas nos apartados que lle corresponda, comunicarlle a cualificación ao coordinador de prácticas nos prazos establecidos e cumprimentar o protocolo correspondente.

### **Artigo 11. Funcións das titoras e dos titores dos centros de prácticas.**

(a) Os titores e titoras do centro escolar no que se desenvolvan as prácticas deberán familiarizar os estudantes coa dinámica do centro e da aula, organizándolles as tarefas e a súa intervención na clase, supervisando o deseño e a planificación de actividades didácticas e orientándoos sobre a súa actuación.

(b) Os titores do centro de prácticas deberán facer un seguimento do traballo dos estudantes no centro, observar e supervisar a súa implicación e actuación nas diferentes áreas de competencia facéndolles comentarios sobre as mesmas en coordinación co titor ou titora de facultade.

(c) Así mesmo, deberán cumprimentar o protocolo de avaliación e facelo chegar ao profesor ou profesora titora da facultade correspondente.


### **Artigo 12. Proxecto Formativo da materia do Prácticum. A Guía Docente.**

1. É responsabilidade da Comisión de Prácticum a elaboración da guía docente, en consonancia co proxecto formativo do título. Segundo a normativa vixente, a guía debe ser aprobada en Xunta de Centro, facéndose pública segundo o procedemento que se estableza.

2. A Guía Docente presentará o último nivel de concreción das competencias-resultados da aprendizaxe que o estudante adquire con esta materia. Deberá especificar os seguintes aspectos:

- Profesor/a Coordinador/a de o Prácticum.
- Descrición xeral da materia.
- Competencias do Título ás que se contribúe a través do Prácticum.
- Competencias específicas que o estudante adquire con esta materia.



 UNIVERSIDADE DE VIGO	PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REVISIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS INTEGRADAS NO PLAN DE ESTUDOS. GRAO DE EDUCACIÓN INFANTIL	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E FACULTADE CC. DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE	CODIF: <b>IT08-PC10</b>
--	--	--	----------------------------

- Contidos.
- Planificación docente.
- Metodoloxía docente.
- Atención personalizada.
- Avaliación.
- Bibliografía e outras fontes de información de interese para a materia.
- Recomendacións.

### Artigo 13. Avaliación do Prácticum.


1. A titora ou titor académico da universidade avaliará as prácticas desenvolvidas polos estudantes de conformidade cos seguintes criterios e fontes de información:

Informe da titora ou titor do centro escolar	Datos achegados pola titora ou titor académico	
50%	50%	
Informe da titora ou titor do centro, segundo o protocolo correspondente	Asistencia e avaliación das reunións e outras actividades programadas	Memoria de Prácticas

2. Para superar a materia do Prácticum o estudante deberá acadar o aprobado en cada un dos criterios de avaliación establecidos nos informes, tanto do titor/a do centro escolar como do titor/a académico.

3. A titora ou titor do centro escolar, como indica o art. 13 do Real Decreto 1707/2011, de 18 de Novembro, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, realizará e remitirá ao titor/a académico da Universidade a avaliación final.

4. Para facilitar o proceso de avaliación, antes do inicio das prácticas, o coordinador/a do Prácticum remitiralle ao centro escolar a folla de avaliación na que se reflectan as diferentes competencias obxecto de mesma.

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REVISIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS ÍTEGRADAS NO PLAN DE ESTUDOS. GRAO DE EDUCACIÓN INFANTIL</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E FACULTADE CC. DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE</p>	<p>CODIF: <b>IT08-PC10</b></p>
---	---	---	------------------------------------

#### **Artigo 14. A Memoria de Prácticas.**

1. A Memoria das prácticas desenvolverase consonte o establecido no art. 14 do Real decreto 1707/2011, de 18 de Novembro.
2. A través da guía docente, así como por outro tipo de orientacións, a Comisión de Prácticas establecerá anualmente as recomendacións precisas para unha correcta elaboración da Memoria.
3. Para facilitar o proceso de avaliación cada titor ou titora contará coa correspondente folla de avaliación.

#### **Artigo 15. Normas supletorias**

En todos aqueles aspectos non previstos nesta Normativa será de aplicación a normativa da Universidade de Vigo (en especial o *Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Alumnado da Universidade de Vigo*, aprobado polo Consello de Goberno do 24 de maio de 2012) e demais vixentes.